

ENTROIDO DE ARCOS, MAZARICOS.

A escola é unha institución educativa e polo tanto todas as tarefas, actividades e festividades que aquí realizamos deben de ter un compoñente educativo.

O entroido como tal, é un ben cultural e nos serve como escusa para traballar a educación en valores (a través dos diferentes roles), a música, a educación artística e no noso caso a cultura galega, pensade que se estudia declarar o entroido galego como ben de interese cultural. Que o entroido é disfrazarse, pero na escola temos que darlle un valor educativo.

Pois ben este ano imos a traballar un dos entroidos típicos de Galicia, o entroido de Arcos, no concello de Mazaricos. .Este entroido ten tres grupos de personaxes, o exercito dos panos, o coro dos vellos e o coro dos cegos.

Ao parecer, a orixe destes desfiles “militares” está nas guerras napoleónicas do comezo do século XIX.

De forma resumida, fanse bailes e cantos

Os soldados, van vestidos con pantalón e camisa branca, por encima da camisa levan uns panos, unha espada e sombreiros moi rechamantes. Estes encárganse de cantar e de bailar.



O coro do vellos e o coro dos cegos encárganse de facer trasnadas, bromas e chistes.



Pois ben , este ano queremos ir disfrazados de soldados, polo que temos que ir preparando os materias para os disfraces.

necesitamos un gorro alto, cintas de nadal, plumas, adobíos brillantes, para pode pegar nos sombreiros.

Os gorros imos facelos na clase, polo que

Polo tanto solicitamos que os alumnos que van levar gorro merquen un deste tipo.



Máis información:

- <https://fotografiasdegalicia.wordpress.com/2013/02/12/entroido-de-arcos-mazaricos-carnaval-de-arcos-mazaricos/>
- <https://vimeo.com/497810196/c60eb07683>
- <http://www.mazaricos.gal/turismo/cultura/>